

Marilynne Robinson

Gilead



Quero darlles as grazas a Ellen Levine,  
Katharine Stall e Earle McCarlney.

M. R.



Para John e Ellen Summers,  
os meus queridos pais.



Onte á noite díxenche que pode que marche algún día, e ti dixeches:

–A onde? –e eu dixen:

–A estar co Bo Deus –e ti dixeches:

–Por que? –e eu dixen:

–Porque son vello –e ti dixeches:

–Non me parece que sexas vello.

E puxeches a túa man na miña e dixeches:

–Non es moi vello –coma se iso resolvese o asunto.

Díxenche que poderías ter unha vida moi diferente da miña, e da que tiveches comigo, e que sería algo marabilloso, porque hai moitas formas de vivir unha boa vida. E dixeches:

–Iso xa mo dixo mamá. –E logo dixeches–: Non rías!  
–porque pensabas que me estaba a rir de ti.

Estendiches o brazo, puxéchesme os dedos nos beizos e dirixíchesme esa mirada que nunca na vida vin en ningunha outra cara máis ca na da túa nai. É unha especie de orgullo furioso, moi apaixonado e severo. Sempre me sorprende un pouco atopar as miñas cellas sen chamuscar despois de sufrir unha desas miradas. Heinas botar de menos.

Parece ridículo supoñer que os mortos perden algo. Se cando leas isto es un home adulto –a miña intención é que cando leas esta carta o sexas–, eu xa finei hai moito tempo. Saberei case todo o que hai que saber no tocante a estar morto, pero probablemente o hei gardar para min. Seica é así como funcionan as cousas.

Non sei cantas veces me teñen preguntado distintas persoas como é a morte, ás veces cando só lles quedaban unha ou

dúas horas para descubri-lo por si mesmas. Mesmo cando era moi novo, algunhas persoas tan vellas como son eu agora preguntábanme, collíanme das mans e mirábanme aos ollos cos seus ollos vellos e leitosos, coma se soubesen que eu o sabía e fosen obrigarme a contarllelo. Eu dicíalles que era coma volver á casa. Neste mundo non temos un fogar, dicíalles, e logo volvía pola estrada a esta vella morada e preparaba unha pota de café e un sándwich de ovo frito e escoitaba a radio, despois de mercar unha, a miúdo ás escuras. Lembras esta casa? Coido que si, un chisco. Crecín en casas parroquiais. Vivín a maior parte da miña vida nesta e visitei moitas outras, porque os amigos do meu pai e a maioría dos meus parentes tamén vivían en casas parroquiais. E cando lembraba iso naqueles tempos, o cal non era moi a miúdo, pensaba que esta era a peor de todas, a que tiña máis correntes de aire e a máis lúgubre. En fin, era o meu estado de ánimo naquel momento. É unha casa antiga en perfectas condicións, pero entón estaba eu só nela. E por iso se me facía estraña. O certo é que non me sentía moi a gusto no mundo. Agora si.

E agora disque me está a fallar o corazón. O médico utilizou o termo «angina pectoris», que soa a algo teolóxico, como «misericordia». En fin, é o que cabe agardar á miña idade. O meu pai morreu de vello, pero as súas irmás non viviron moito, a verdade. Así que só podo estar agradecido. Lamento non ter case nada que vos deixar a ti e mais á túa nai. Uns cantos libros vellos que ninguén máis querería. Nunca gañei moito diñeiro, e nunca lle prestei atención ao que tiña. O último que me pasaba pola cabeza era que puidese deixar muller e fillo, podes crerme. Se o soubese, sería un mellor pai. Aforraría algo para vós.

Iso é o principal que che quero dicir, que lamento profundamente os momentos difíciles polos que tivestes que pasar ti e mais a túa nai, sen axuda efectiva pola miña

banda, fóra das miñas oracións, aínda que estas as rezo sempre. Fíxeno mentres vivía, e sígoo facendo agora, se é así como son as cousas na outra vida.

Óiote falar coa túa nai, ti preguntando, ela respondendo. O que oio non son as palabras, senón só o son das vosas voces. Non che gusta ter que ir para a cama, e ela ten que te convencer todas as noites. Nunca a oio cantar, salvo pola noite, dende o cuarto do lado, cando te arrola. E entón non consigo distinguir que canción está a cantar, porque canta en voz moi baixa. A min paréceme moi bonito, pero ela ri cando llo digo.

Xa non sei distinguir o que é bonito. O outro día cruceime con dous rapaces pola rúa. Sei quen son, traballan no taller mecánico. Ningún dos dous frecuenta a igrexa, só son dous mozotes travesos e decentes que non paran de chancear, e alí estaban, apoiados contra a parede do taller baixo o sol, acendendo os seus cigarros. Sempre están tan negros de graxa e tan impregnados de gasolina que non sei como non se incendian. Intercambiaban comentarios, como fan sempre, e rían con esa malicia súa. E a min pareceume bonito. É increíble ver rir a xente, como a invade a risa. Ás veces cústalle moito contela. Véxoo a miúdo na igrexa. Así que me pregunto que é e de onde vén, e tamén me pregunto que desata no organismo para que un teña que rir ata que a risa se consume, coma chorar, en certa maneira, só que a risa se esgota moito antes.

Cando me viron chegar, por suposto deixaron de chancear, pero puiden ver que seguían rindo para os seus adentros, pensando no que case lles oe dicir o vello predicador.

Tiven gana de lles dicir: «Eu aprecio as bromas tanto coma calquera». Houbo moitas ocasións na miña vida nas que quixen dicilo. Pero non é algo que a xente estea disposta a aceptar. A xente quere que un sexa un pouco dife-

rente. Tiven gana de dicir: «Son un moribundo e non vou ter moitas máis ocasións de rir, polo menos neste mundo». Pero iso só faría que se mostrasen máis serios e educados, supoño. Vou manter o meu estado de saúde en segredo todo o tempo que poida. Para ser un moribundo síntome bastante ben, o cal é unha bendición. Por suposto, a túa nai sábeo. Dixo que se me sinto ben quizais o médico se trabuca. Pero á miña idade hai un límite no que se pode trabucar.

Iso é o máis estraño sobre esta vida, sobre exercer o ministerio: cando a xente te ve chegar cambia de tema. E logo, ás veces, esa mesma xente entra no teu despacho e cóntache cousas extraordinarias. Hai moito baixo a superficie da vida, todo o mundo o sabe. Moita malicia, medo e culpa, e tanta soidade... mesmo onde non esperaríaa un atopala.

O pai da miña nai era predicador, e o pai do meu pai tamén, e o pai del antes ca el, e antes diso ninguén o sabe, pero non dubidaríaa en imaxinar que tamén. Esa vida era algo natural para eles, igual que o é para min. Eran boas persoas, pero se hai algo que debería aprender deles e non aprendín foi a controlar o meu temperamento. É unha sabedoría que debín adquirir hai moito tempo. Mesmo agora, cando un latexo acelerado do meu pulso me fai pensar na fin, vexo que perdo os estribos porque un caixón se atoa ou porque non sei onde deixei as lentes. Dígocho para que vixíes isto en ti mesmo.

Un pouco de ira en exceso, con demasiada frecuencia ou no momento equivocado, pode destruír máis do que xamais imaxinarías. Por riba de todo, ten coidado co que dis. «Mira canta leña acende un lume tan pequeno, e a lingua é un lume»: é a pura verdade. Cando o meu pai era ancián díxome exactamente iso nunha carta que me enviou. A cal, por certo,

queimei. Boteina directamente á estufa. Sorprendeume moito máis naquel momento que agora, en retrospectiva.

Coido que vou facer aquí un exercicio de franqueza. Agora ben, dígoo con todo respecto. O meu pai era un home que actuaba por principios, como el mesmo dicía. Actuaba con fidelidade á verdade tal e como el a vía. Pero a súa forma de facelo tiña algo que ás veces resultaba decepcionante, e non só para min. Dígoo a pesar de toda a atención que me prestou ao criarme, pola que lle estou profundamente agradecido, aínda que el mesmo puidese disentir. Que Deus o teña na súa gloria, porque estou convencido de que o decepcionei. É algo digno de consideración, pois queríámonos ben o un ao outro.

En fin, «miraredes pero non percibiredes, escoitaredes pero non entenderedes», como di o Señor. Non podo afirmar que comprenda esa frase, por moitas veces que a oíse e mesmo que predicase sobre ela. Simplemente constata un feito profundamente misterioso. Podes coñecer algo á perfección e ser, para todos os efectos, completamente ignorante ao seu respecto. Un home pode coñecer o seu pai, ou o seu fillo, e aínda así quizais non haxa entre eles máis nada ca lealdade, amor e incompreensión mutua.

Se menciono isto é só para dicir que as persoas que senten algún tipo de remorso en relación contigo suporán que estás enfadado, e verán enfado no que fas, aínda que só estas a vivir tranquilamente a vida que elixiches. Fante dubidar de ti mesmo, o que, dependendo dos casos, pode ser unha grave distracción e unha perda de tempo. Oxalá o comprendese moito antes. Xa me irrito un pouco só de reflexionar sobre iso. A irritación é unha forma de ira, recoñézoo.

Unha gran vantaxe da vocación relixiosa é que che axuda a concentrarte. Dáche unha boa idea básica do que

se che pide, e tamén do que podes ignorar. Se teño algunha sabedoría que ofrecer, isto é unha parte importante dela.

Bendixeches a nosa casa durante case sete anos, e ademais anos bastante difíciles, nun momento tan tardío da miña vida. Non había xeito de que eu puidese cambiar nada para mantervos aos dous. Aínda así, penso niso e rezo. Téño moi presente. Quero que o saibas.

Estamos a ter unha primavera estupenda, e hoxe é outro día estupendo. Case chegas tarde ao colexio. Puxémoste nunha cadeira e comiches torradas con marmelada mentres a túa nai che lustraba os zapatos e eu te peiteaba. Tiñas unha páxina de sumas que deberas facer a noite anterior, e que aquela mañá che levou unha eternidade, tentando que todos os números quedasen na posición correcta. Es coma a túa nai, tan serio con todo. Os vellos chámanche «diácono», pero esa seriedade non vén só do meu lado da familia. Nunca vira nada semellante ata que a coñecín a ela. Exceptuando o meu avó, claro. Parecíame que aquilo era metade tristeza e metade furia, e preguntábame que acontecementos da súa vida puideran poñer tal expresión nos seus ollos. E logo, cando tiñas uns tres anos, aínda un cativiño, entrei unha mañá no teu cuarto e alí estabas, sentado no chan, á luz do sol, co teu pixamiña, tratando de atopar a maneira de arranxar unha cera rota. Alzaches os ollos e miráchesme, e era xusto esa mirada que tiña ela. Moitas veces pensei nese momento. Ás veces ata me parecía que botabas a vista atrás sobre a túa vida, sobre os problemas que rezo para que nunca teñas, pedíndome que tivese a amabilidade de explicarcho.

«Es coma todos eses anciáns da Biblia», dime a túa nai, e sería certo se puidese vivir cento vinte anos e ter quizais algunhas vacas e bois, e criados e criadas. O meu

pai deixoume un oficio, que resultou ser tamén a miña vocación. Pero o certo é que para min era algo natural, crecín con iso. O máis probable é que ti non o teñas.



Vin unha pompa de xabón flotar por diante da miña fiestra, gorda e trémula, asumindo ese azul libélula que teñen xusto antes de estalar. Así que mirei para o xardín e alí estabades, ti e a túa nai, lanzándolle burbullas á gata, tal avalancha delas que o pobre animal estaba fóra de si ante tal abundancia de oportunidades. Non paraba de dar saltos no aire, a nosa despreocupada Soapy! Algunhas das pompas voaban ata as ramas, ou mesmo por riba das árbores. Os dous estabades tan concentrados na gata que non viades as consecuencias celestiais dos vosos esforzos terreaís. Eran preciosas. A túa nai levaba o seu vestido azul e ti a túa camiseta vermella, e estabades axeonllados no chan con Soapy entre vós e ese resplandor de pompas elevándose, e tantas risas. Ah, esta vida, este mundo.

A túa nai díxoche que estou escribindo sobre as túas orixes, e parecías moi contento coa idea. Ben, entón. Que debería rexistrar para ti? Eu, John Ames, nacín no ano do Señor de 1880 no estado de Kansas, fillo de John Ames e Martha Turner Ames, neto de John Ames e Margaret Todd Ames. No momento de escribir isto, vivín setenta e seis anos, setenta e catro deles aquí, en Gilead<sup>1</sup>, Iowa, agás os que pasei estudando na universidade e no seminario.

---

1 Gilead é o nome inglés de Galaad, o monte da alianza, que aparece citado varias veces na Biblia. Nos Estados Unidos hai varias localidades que se chaman así. (Todas as notas son do tradutor.)

E que máis che debería contar?

Cando tiña doce anos o meu pai levoume á tumba do meu avó. Naquel momento a miña familia levaba uns dez anos vivindo en Gilead, en cuxa igrexa prestaba servizo o meu pai. O seu pai, que nacera en Maine e se trasladara a Kansas na década de 1830, viviu connosco durante varios anos tras a súa xubilación. Despois marchou para converterse nunha especie de predicador itinerante, ou iso criamos nós. Morreu en Kansas e enterrárono alí, preto dunha vila que perdera a práctica totalidade dos seus habitantes. A seca escorrentara a maioría dos que non se trasladaran xa a vilas máis próximas ao ferrocarril. Se alí había unha vila seguramente era só porque aquilo era Kansas e os que se instalaran alí eran Free Soilers<sup>2</sup> que non pensaban realmente a longo prazo. Non adoito usar a expresión «deixado da man de Deus», pero cando penso nese lugar vénme á mente esa idea. O meu pai tardou meses en descubrir onde fora parar o ancián, tras enviar moitas cartas a igrexas, xornais, etc. Dedicoulle un grande esforzo. Finalmente alguén respondeu e envioulle un pequeno paquete co seu reloxo, unha Biblia vella e estragada e algunhas cartas, que máis tarde souben que só eran algunhas das que mandara o meu pai preguntando por el, e que sen dúbida lle entregaran ao ancián persoas que pensaban que o convencerían de volver á casa.

Ao meu pai causáballe unha enorme amargura que as últimas palabras que lle dixera ao seu pai fosen palabras

---

2 Colonos antiescravistas cuxo obxectivo principal era impedir que a escravitude se expandise aos novos territorios, e que defendían o acceso dos pequenos agricultores á terra. A mención débese a que se movían por ideais inmediatos, pero sen pensar demasiado no desenvolvemento urbano nin na planificación a longo prazo.

moi iradas, e que nunca puidese haber reconciliación entre eles nesta vida. En xeral honraba de verdade o seu pai, e resultáballe difícil aceptar que as cousas rematasen da maneira en que remataron.

Iso foi en 1892, polo que aínda resultaba bastante difícil viaxar. Fomos en tren ata onde puidemos, e logo o meu pai alugou unha carreta e unha parella de cabalos. Era máis do que necesitabamos, pero foi o puidemos conseguir. Trabucámonos de dirección varias veces e perdémonos, e tivemos tantas dificultades para abeberar os cabalos que os deixamos nunha granxa e fixemos o resto do camiño a pé. De todos os xeitos, os camiños eran malísimos, cheos de po onde había tránsito e con rodeiras endurecidas onde non. O meu pai levaba algunhas ferramentas nun saco de sarapilleira para tentar arranxar un pouco a tumba, e eu levaba a comida que tiñamos, galletas e chacina e as poucas mazanciñas amarelas que recolleramos aquí e alá polo camiño, e as nosas mudas de camisas e calcetíns, para entón xa todas sucias.

O certo é que naquel momento non tiña diñeiro dabondo para facer a viaxe, pero tíña tan presente nos seus pensamentos que non podía esperar ata aforrar o necesario. Díxenlle que eu tamén tiña que ir, e el respectouno, aínda que iso complicou moito as cousas. A miña nai estivera lendo sobre o grave que era a seca ao oeste de onde viviamos, e cando el lle dixo que pensaba levarme consigo non lle fixo ningunha graza. Explicoulle que sería unha experiencia educativa, e sen dúbida foino. O meu pai estaba decidido a atopar esa tumba a pesar das dificultades. Nunca na miña vida me preguntara cando ía poder tomar o meu próximo grollo de auga, e inclúo entre as miñas bendicións o feito de que, despois diso, non tivese que volver facerme esa pregunta. Houbo momentos nos que

realmente crin que poderíamos perdernos e morrer. Unha vez, mentres o meu pai recollía e me poñía nos brazos uns garabullos para o lume, dixo que eramos coma Abraham e Isaac de camiño ao monte Moria. Eu tamén o pensara.

As cousas estaban tan mal que non podíamos nin mercar comida. Paramos nunha granxa e pedímoslle axuda á señora, quen sacou un fardeliño dun armario, nos amosou algunhas moedas e billetes e dixo:

–Tanto tiña que fosen confederados, para o que me serven.

A tenda pechara e non podía conseguir sal, azucre nin fariña. Cambiámoslle un pouco da nosa miserable chacina –dende entón non podo nin vela– por dous ovos cocidos e dúas patacas cocidas, que sabían de marabilla mesmo sen sal.

Entón o meu pai preguntou polo seu pai, e ela dixo:

–Si, claro que pasou por aquí.

Ela non sabía que morrera, pero sabía onde era probable que estivese enterrado, e ensinounos o que quedaba dun camiño que nos levaría directamente a aquel lugar, a menos de tres millas de onde estábamos. O camiño estaba cuberto de maleza, pero ao camiñar por el víanse as rodeiras. Os arbustos que medraban neles eran máis baixos, porque a terra aínda estaba moi compacta. Pasamos dúas veces por ese cemiterio. As dúas ou tres lápidas que había nel caeran, e todo estaba cuberto de maleza e herba. A terceira vez, o meu pai viu un poste dun valo, así que nos achegamos a el e puidemos ver un puñado de tumbas, unha fila dunhas sete ou oito, e debaixo media fila máis, cuberta pola herba morta e parda. Lembro que me pareceu triste que estivese incompleta. Na segunda fila atopamos unha inscrición que fixera alguén quitando un anaco de casca dun tronco, cravándolle uns cravos ata a metade e dobrándoos cara abaixo para formar as letras REV AMES.